



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O ASESORAMENTO AOS CONCELLOS NA PREPARACIÓN DA SOLICITUDE E DO PLAN DE DINAMIZACIÓN DAS ÁREAS REXURBE

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dña. Ángeles Vázquez Mejuto, Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en virtude da atribucións que lle confire o Decreto 94/2018, do 26 de setembro, do seu nomeamento (DOG nº 185, do 27 de setembro), na súa calidade de presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS), segundo o artigo 4 do Decreto 97/2014, de 2 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS (DOG nº 147, do 5 de agosto).

D. Antonio López Díaz, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante, USC), con NIF Q1518001A e domicilio na Praza do Obradoiro s/n, 15705 Santiago de Compostela, actuando en nome e representación da USC, en virtude das facultades que lle confire a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, da Universidades, o Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se regulan os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, e o Decreto 57/2018, de 31 de maio, do seu nomeamento.

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que conforme ao Decreto 106/2018, do 4 de outubro, o IGVS é o organismo autónomo adscrito á Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda encargado de realizar a política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, debendo promover, conforme ao artigo 5 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, a adecuada execución da edificación e a calidade da construción, podendo asinar, para o cumprimento destes fins, convenios con entes públicos ou privados.

Dentro das funcións do IGVS, o artigo 4 da súa Lei de creación, Lei 3/1988, do 27 de abril, cita tanto a renovación e a remodelación urbana como a rehabilitación pública de vivendas e equipamentos. Pola súa parte, a Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, establece no artigo 55 que a solicitude de declaración dunha área de rexeneración urbana de interese autonómico (en adiante, Rexurbe) se presentará por parte do concello ante o IGVS cunha proposta que delimitará o ámbito e comprenderá, de xeito detallado, a estratexia social, económica, urbanística e arquitectónica que se pretende levar a cabo para conseguir a efectiva recuperación e dinamización do ámbito. Así mesmo, o artigo 60.2.b) da citada lei establece que o IGVS será o organismo encargado da tramitación do plan de dinamización.

SEGUNDO.- Que a USC é unha institución pública dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propios, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento, actividades para as que goza de autonomía, de acordo con estes estatutos e no marco da lexislación vixente.

Conforme aos seus estatutos, a USC desenvolve, entre outras funcións, o apoio científico, técnico, artístico e humanístico ao desenvolvemento social, económico e cultural da sociedade galega que a sustenta, mantendo relacións con centros de investigacións e





institucións culturais e sociais e impulsando a celebración de convenios de investigación con entidades e organismos públicos e privados.

TERCEIRO.- Que con data 5 de novembro de 2018 as partes asinaron un convenio, co obxecto de regular a súa colaboración co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, para a elaboración do documento modelo de Plan de dinamización das áreas Rexurbe, cuxo informe final foi entregado o 31 de xullo de 2019.

A pesar de contar xa co modelo do plan de dinamización, a complexidade deste instrumento fai necesaria a continuación da colaboración entre o IGVS e a USC, a través da creación dun grupo de traballo que, partindo da experiencia acadada na elaboración do modelo do Plan de dinamización, poda asesorar aos concellos interesados en solicitar a declaración dunha Área Rexurbe, tanto para formular a proposta como para a elaboración do plan de dinamización, tendo en conta, ademais, que varios concellos amosaron o seu interese nesta figura.

Como consecuencia do anterior, o IGVS e a USC consideran necesario a sinatura dun convenio, co obxecto de regular a súa colaboración para a creación dun grupo de traballo, coordinado polo IGVS, que asesore aos concellos para a elaboración da solicitude e do Plan de dinamización das áreas Rexurbe. A tal efecto, as dúas entidades asinan o presente convenio, que consta das seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre o IGVS e a USC para crear un grupo de traballo, constituído por catro membros, dous por cada unha das partes, que asesore aos concellos para a elaboración da solicitude de declaración dunha Área Rexurbe e do correspondente Plan de dinamización.

SEGUNDA.- OBRIGAS DO IGVS.

Para o adecuado desenvolvemento do obxecto do convenio, o IGVS asumirá a dirección e coordinación do citado grupo de traballo, así como a modificación do modelo de solicitude e da guía de elaboración do mencionado modelo, os cales se incorporan como anexos a este convenio.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA USC.

Para o adecuado desenvolvemento do obxecto do convenio, a USC asumirá o asesoramento para a elaboración da proposta regulada no artigo 55 da Lei 1/2019, do 22 de abril, e para o estudo, avaliación e cumprimentación dos apartados do correspondente Plan de dinamización.

CUARTA.- PROCEDEMENTO E FASES DE DESENVOLVEMENTO DO ASESORAMENTO

O IGVS, cando reciba a manifestación da vontade do concello de solicitar a declaración dunha Área Rexurbe, remitirá ao concello o Formulario de solicitude de declaración (Anexo I), xunto coa a Guía para a súa cumprimentación (Anexo II), de conformidade co sinalado nos artigos 54 e 55 da Lei 1/2019, do 22 de abril.





4.1. Primeira fase: análise da xustificación do ámbito obxecto da actuación

O concello poderá solicitar asesoramento para a cumplimentación do citado formulario; de ser así, o IGVS procederá a convocar aos membros do grupo de traballo previsto na Cláusula Primeira deste convenio, para proceder ao exame e valoración das determinacións correspondentes ao disposto no apartado A) do Formulario, referido á Xustificación do ámbito obxecto da actuación, na que deberán constar os seguintes aspectos: :

1. Delimitación do ámbito obxecto de actuación.
2. Normativa de aplicación.
3. Indicadores de degradación arquitectónica, urbanística ou ambiental do Conxunto Histórico.
4. Indicadores de situacións demográficas delicadas.
5. Indicadores da existencia de graves problemas económicos e sociais no Conxunto Histórico.
6. Síntese de problemas estruturais detectados.

O grupo de traballo formulará as observacións, recomendacións e correccións que estimase oportunas para que o concello proceda a completar ou modificar as determinacións da xustificación do ámbito e, en todo caso, emitirá un informe, unha vez concluídas as actuacións correspondentes a esta fase, que deberá ser remitido ao IGVS.

4.2. Segunda fase: análise da estratexia social, económica, urbanística e arquitectónica

Concluídos os traballos correspondentes á primeira fase, o representante do IGVS no grupo de traballo que asuma as funcións propias do secretario/a convocará aos seus membros, para proceder ao exame e valoración das determinacións correspondentes ao apartado B) do Formulario, referido á Estratexia social, económica, urbanística e arquitectónica, na que deberán constar os seguintes aspectos:

1. Matriz DAFO elixida.
2. Obxectivos principais e secundarios
3. Formulación das liñas estratéxicas básicas de acordo cos obxectivos expostos.
4. Resumo de actuación

O grupo de traballo formulará as observacións, recomendacións e correccións que estimase oportunas para que o concello proceda a completar ou modificar as determinacións da estratexia e, en todo caso, emitirá un informe, unha vez concluídas as actuacións correspondentes a esta fase, que deberá ser remitido ao IGVS.

4.3. Informe final

Rematados os traballos correspondentes ás fases anteriores, o grupo de traballo elaborará un informe final coas observacións e conclusións definitivas que será remitido ao concello interesado.

4.5. Disposición comúns: réxime de funcionamento

O grupo de traballo establecerá o seu réxime de funcionamento en canto a convocatorias, sesións e actas, aplicándose supletoriamente, en todo o non establecido expresamente, o disposto nos artigos 16 a 18 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para os órganos colexiados.





O grupo de traballo poderá realizar todas aquelas sesións, presenciais ou a distancia, que resultasen necesarias para concluír adecuadamente a súa función de asesoramento na totalidade das fases nas que se desenvolven os traballos.

Para o asesoramento técnico específico en aspectos puntuais da proposta solicitude ou da elaboración do Plan de dinamización, poderá acordarse que se manteñan contactos bilaterais entre o concello interesado e a USC, sen necesidade de convocar a todos os integrantes do grupo de traballo, se ben deberá informarse ao IGVS do avance e resultado destes contactos.

QUINTA.- FINANCIAMENTO E XUSTIFICACIÓN DO GASTO.

Debido a que a maior carga de traballo no desenvolvemento dos traballos recaerá sobre o persoal designado pola USC, xa que o IGVS non dispón do persoal técnico necesario nin dos medios materiais suficientes, o citado organismo autónomo achegará á USC a cantidade de trinta mil noventa euros con dez céntimos (30.090,10 €), conforme o establecido no Anexo III, con cargo á aplicación orzamentaria 07.83.451A.640.0 dos orzamentos do IGVS para o ano 2020.

A compensación por parte do IGVS dos gastos en que incorra a USC no desenvolvemento dos traballos realizarase unha vez remitida, antes do 1 de decembro de 2020, a seguinte documentación:

- Unha Memoria explicativa da actividade realizada.
- Unha certificación expedida polo órgano de control que corresponda na que se acredite a realización das actuacións obxecto do do presente convenio, o cumprimento da súa finalidade e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos.

SEXTA.- COMISIÓN TÉCNICA DE SEGUIMIENTO

Con obxecto de realizar un seguimento permanente sobre cumprimento do obxecto do convenio, creárase unha Comisión Técnica de Seguimento, que estará integrada por un representante de cada entidade conveniente, nomeados pola persoa titular da dirección xeral do IGVS e polo reitor da USC, respectivamente.

Esta comisión reunirse a petición de calquera das partes e, polo menos, unha vez concluídos os traballos correspondentes a cada unha das fases. Ante unha petición de reunión por escrito dunha das dúas partes, esta deberá producirse nun prazo non superior a 15 días naturais.

Á Comisión Técnica de Seguimento corresponderanlle resolver as controversias que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio.

SÉTIMA.- VIXENCIA

O presente convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 1 de decembro do 2020.

OITAVA.- RESOLUCIÓN





Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- O acordo unánime das partes asinantes, manifestado por escrito.
- A imposibilidade legal ou material de continuar co obxecto do convenio.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

NOVENA.- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa e regularase polo establecido nas súas cláusulas e polo disposto na citada Lei 40/2015, non séndolle de aplicación a lexislación de contratos das administracións públicas, conforme ao disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación supletoria dos principios da Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que se puideran presentar.

DÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

De conformidade co establecido no artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e no artigo 29 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no presente convenio e demais especificacións contidas no mesmo poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

En todo caso, as partes actuarán de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos, e en particular, co previsto no Regulamento (UE) 2016/769 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos, e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

UNDÉCIMA.- PROPIEDAD INTELECTUAL E DIVULGACIÓN DO OBXECTO DO CONVENIO

A titularidade dos dereitos de propiedade intelectual sobre a totalidade dos traballos obxecto deste convenio corresponderá as partes asinantes en idéntica proporción.

As partes asinantes promoverán a divulgación e difusión das actividades e dos resultados obtidos coma consecuencia da execución deste convenio mediante a correspondente publicación nas súas páxinas web e demais medios de comunicación.

En proba de conformidade, asinan este convenio por duplicado no lugar e data indicados.

Polo INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E
SOLO

Ángeles Vázquez Mejuto

Pola UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Antonio López Díaz





ANEXO I

FORMULARIO DE SOLICITUDE PARA A DECLARACIÓN DE ÁREA REXURBE

Concello:
Data:

A. XUSTIFICACIÓN DO ÁMBITO OBXECTO DE ACTUACIÓN

1. Delimitación do ámbito obxecto de actuación

Superficie do ámbito (s) a declarar Rexurbe:	
Área continua:	Descontinua: Superficie en km ² :
Superficie municipio:	Superficie Conxunto Histórico:
Número de edificios:	Número de Vivendas:

2. Normativa de aplicación

PXOM Aprobado Si:	Non:	Ano:
Plan Especial Si:	Non:	Ano:
Require modificación dalgún instrumento urbanístico Si: Non: Describa:		
Oficina de Rehabilitación Si:	Non:	Nº de profesionais:
Outros equipos encargados de rehabilitación Si: Non: Nº de profesionais:		

3. Indicadores de degradación arquitectónica, urbanística ou ambiental do Conxunto Histórico

3.1 Estado de conservación dos edificios			
Nº total de edificios:	Superficie construída:		
Nº total de edificios en Estado Ruinoso:	Porcentaxe do total:	%	
Nº total de edificios en Mal Estado:	Porcentaxe do total:	%	
Nº total de edificios en Estado Deficiente:	Porcentaxe do total:	%	
Nº total de edificios en Bo Estado:	Porcentaxe do total:	%	
Adecuación de edificios á Accesibilidade Universal Si: Non: Parcial:			
Requirirase realoxamento Si: Non: Nº familias: Tempo (meses):			
Necesidade de actuación en imaxe urbana ou protección ambiental Si: Non:			
Outras necesidades detectadas Si: Non: Describa:			

3.2 Equipamentos no Conxunto Histórico

Nº de equipamentos de servizos públicos:		
Descrición	Sup. m ²	Estado de conservación (Bo, Deficiente, Malo, Ruinoso)
[Agregar máis filas]		
Nº de equipamentos institucionais:		





Descrición	Sup. m ²	Estado de conservación (Bo, Deficiente, Malo, Ruinoso)
[Agregar máis filas]		
Nº de equipamentos deportivos, relixiosos, outros:		
Descrición	Sup. m ²	Estado de conservación (Bo, Deficiente, Malo, Ruinoso)
[Agregar máis filas]		
Necesidade de novas dotacións Si: Non: Describa:		

3.3 Zonas verdes e espazos libres. Estado de conservación e dotación de infraestruturas			
Descrición	Sup. m ²	Titularidade	Estado de conservación (Bo, Deficiente, Malo, Ruinoso)
[Agregar máis filas]			
Necesidade de novas zonas verdes e espazos libres Si: Non: Describa:			

3.4 Bens patrimoniais no Conxunto Histórico		
Patrimonio Mundial Si: Non:		
Listaxe	Titularidade	Estado de conservación (Bo, Deficiente, Malo, Ruinoso)
[+Agregar máis filas]		
Nº Bens Declarados BIC		
Listaxe	Titularidade	Estado de conservación (Bo, Deficiente, Malo, Ruinoso)
[+ Agregar máis filas]		





Nº de bens declarados de protección integral:
Nº de bens declarados de protección estrutural:
Nº de bens declarados protección ambiental:
Nº de elementos do patrimonio intanxible:
Cóntase con regulación de usos de carteis, rótulos, cables e outros nas fachadas dos bens inmoables. Si: Non: Cúmprese Si: Non: Parcial:
Existencia de zonas urbanas degradadas (Existencia de graffitis, mobiliario urbano en mal estado, infrautilización do espazo, falta de ornato, outros) Si: Non: Parcial:
Prevenise intervencións na contorna de protección e zonas de amortecemento dos BIC Si: Non: Describa:
Outras necesidades detectadas Si: Non: Describa:

3.5 Mobilidade no Conxunto Histórico	
Porcentaxe de vías peonís/escaleiras:	%
Estado de conservación en porcentaxe de vías peonís/escaleiras Malo: % Deficiente: % Bo: %	
Porcentaxe de vías vehiculares:	%
Estado de conservación en porcentaxe de vías vehiculares Malo: % Deficiente: % Bo: %	
Adecuación do espazo público á Accesibilidade Universal Si: Non: Parcial:	
Existencia de Plan de Mobilidade Si: Non: Ano:	
Necesidade de estacionamento para residentes. Si: Non: Prazas:	Necesidade de estacionamento para visitantes Si: Non: Prazas:
Puntos de acceso a transporte público interurbano Si: Non: Frecuencia minutos:	
Outras necesidades detectadas Si: Non: Describa:	

3.6 Xestión Ambiental no Conxunto Histórico
Xestión de refugallo domiciliarios con reciclaxe Si: Non:





Necesidade de mellora na xestión de refugallos domiciliarios e comerciais

Si: Non: Describa:

Problemas de saneamento de servizos básicos en espazo público

Si: Non: Describa:

Contaminación do solo, auga ou aire Si: No Describa fonte(s) emisora(s)

Tipo de contaminación	Fonte emisora	Gravidade alta-media-baixa
[+Agregar máis filas]		

Deterioro ou falta de urbanización de marxes fluviais ou outros

Si: Non: Describa:

Necesidade de actuacións de mellora de recollida de augas de choiva Si: Non:

Necesidade de actuación en materia de paisaxe ou protección ambiental

Si: Non: Describa:

Existencia de redes de Telecomunicacións. Describa:

Outras necesidades detectadas Si: Non: Describa:

4. Indicadores de situacións demográficas delicadas

4. 1 Poboación

Evolución da poboación. Porcentaxe de crecemento ou decrecemento:





Índice de avellentamento:	
Poboación no Conxunto Histórico	
Nº de habitantes:	Porcentaxe respecto ao total do concello:

4.2 Réxime de ocupación das vivendas	
Porcentaxe de vivendas principais:	
Porcentaxe de vivendas secundarias:	
Porcentaxe de vivendas baleiras:	
Porcentaxe de vivendas en alugueiro:	
Media prezo m ² alugueiro da vivenda:	Media prezo m ² venda da vivenda:

4.3 Composición dos fogares	
Porcentaxe de fogares unipersoais:	
Porcentaxe de fogares de entre dúas e catro persoas:	
Porcentaxe de fogares de máis de catro persoas:	

5. Indicadores da existencia de graves problemas económicos e sociais no Conxunto Histórico

5.1 Análise comercial	
Cóntase con estudo ou plan de comercio de proximidade Si: Non:	
Total de locais comerciais:	
Porcentaxe de inmobles de uso comercial ocupados:	
Porcentaxe de inmobles de uso comercial baleiros:	
Porcentaxe de peche de comercios (Últimos 5 anos):	
Porcentaxe de apertura de comercios (Últimos 5 anos):	
Comercio tradicional ou de valor Si: Non: Nº:	
Prezo medio alugueiro local m ² :	Prezo medio venda local m ²
Mercado Municipal dentro ou inmediato ao CH Si: Non:	
Feiras, mercadillos Si: Non:	
Outro equipamento comercial, de negocios Si: Non: Describa:	
Existencia de redes de telecomunicación eficientes Si: Non:	
Outras necesidades detectadas Si: Non: Describa:	

5.2 Cuestións sociais	
Nº Pensionistas por 1.000 habitantes:	Importe medio das pensións:
Taxa de desemprego:	
Porcentaxe de habitantes con pensións asistenciais ou non contributivas:	
Porcentaxe de habitantes en risco de exclusión social:	
Problemas de Seguridade Cidadá Si: Non: Describa:	

5.3 Oferta de aloxamento, restaurantes e cafeterías	
Total oferta hoteis e hostais:	Total de prazas en hoteis e hostais:





Total oferta de restaurantes e cafeterías:	Total plazas de restaurantes e cafeterías:
Porcentaxe de restaurantes e cafeterías respecto á totalidade do comercio:	%

5.4 Cohesión social
Total de asociacións culturais, educativas e de comunicación no Concello:
Total de asociacións culturais, educativas e de comunicación no Conxunto:
Contémplanse actuacións de participación
Si: Non: Describa:
Contémplanse actuacións para a igualdade de xénero
Si: Non: Describa:

6. Síntese de problemas estruturais detectados

Nº Edificios ruinosos	% Espazo público a rehabilitar
Nº Edificios mal estado	% Dotación equipamento deficiente
Nº Edificios estado deficiente	% poboación maior de 65
Nº Edificios posteriores a 1970	Evolución da poboación
Nº de vivendas baleiras	Porcentaxe inmobles de uso comercial baleiros
Nº de vivendas secundarias	Nº Pensionistas por 1000 habitantes
Nº de vivendas unipersonais	Taxa de desemprego
Outro dato relevante para o concello. Describa:	

B. ESTRATEXIA SOCIAL, ECONÓMICA, URBANÍSTICA E ARQUITECTÓNICA

7. Matriz DAFO

Enumere as 10 principais Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades detectadas no contexto dunha Memoria de Plan de Dinamización nos ámbitos social, económico e arquitectónico, urbanístico e ambiental

Debilidades	Fortalezas





Ameazas	Oportunidades

8. Obxectivos principais e secundarios que se propoñen adoptar nos eidos social, económico e de intervención na edificación e renovación e rexeneración urbana.

Obxectivos principais. Enumere:

Obxectivos secundarios. Enumere:

9. Formulación de liñas estratéxicas básicas de acordo cos obxectivos expostos

9.1 Liñas estratéxicas básicas de acordo cos obxectivos expostos no ámbito arquitectónico, urbanístico ou ambiental. Describa:

9.2 Liñas estratéxicas básicas de acordo cos obxectivos expostos no ámbito económico. Describa:





9.3 Liñas estratéxicas básicas de acordo cos obxectivos expostos no ámbito social. Describa:

9.4 Compromiso do Concello de contribuír ao financiamento.
Describa:

10. Resumo das actuacións (1.000 palabras)

C. ANEXOS

Plano do ámbito
Reportaxe fotográfica
Planimetrías que se consideren necesarias
Documentación acreditativa dos puntos 3, 4 e 5
Outros





ANEXO II

GUÍA DO FORMULARIO DE SOLICITUDE PARA A DECLARACIÓN DE ÁREA DE REXENERACIÓN URBANA DE INTERESE AUTONÓMICO (REXURBE)

1. DECLARACIÓN DAS ÁREAS DE REXENERACIÓN URBANA DE INTERESE AUTONÓMICO

A solicitude de declaración dunha Área de rexeneración urbana de interese autonómico (Rexurbe) está regulada na Lei 1/2019, do 22 de abril, de Rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (DOG nº 83, do 2 de maio de 2019). Esta lei establece no seu artigo 55 o procedemento para declarar unha Área Rexurbe. Nesta guía recóllense as previsións contidas na lei.

O procedemento de declaración, por instancia do concello, iníciase mediante unha solicitude dirixida á Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo coa seguinte documentación:

- a) Certificado de acordo do concello que aproba a solicitude de declaración de Área Rexurbe, conforme á definición prevista no artigo 54 da Lei.
- b) Formulario de solicitude de declaración, segundo o sinalado nos artigos 54 e 55 da Lei.

2. FORMULARIO DE DECLARACIÓN DUNHA ÁREA DE REXENERACIÓN URBANA DE INTERESE AUTONÓMICO

O formulario recollerá a información a completar polo concello respecto á delimitación e declaración das áreas de rexeneración urbana de interese autonómico (Rexurbe) definida nos artigos 54 e 55 da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia. Unha vez declarada a área, esta información servirá de base para a redacción do Plan de Dinamización, segundo o descrito nos artigos 58, 59 e 60 da mesma Lei.

O formulario, no seu primeiro apartado, “Xustificación do ámbito de actuación”, recolle os datos e indicadores básicos do diagnóstico que xustifiquen as situacións descritas no artigo 54 da Lei.

O seu segundo apartado “Estratexia social, económica, urbanística e arquitectónica” corresponde á proposta que delimitará o ámbito e comprenderá, de xeito detallado, a estratexia social, económica, urbanística e arquitectónica que se pretende levar a cabo para conseguir a efectiva recuperación e dinamización do ámbito, tal e como sinala o artigo 55.1.

A. XUSTIFICACIÓN DO ÁMBITO OBXECTO DE ACTUACIÓN

1. Delimitación do ámbito obxecto de actuación

O ámbito corresponde aos Conxuntos Históricos con declaración de Ben de Interese Cultural que se atopen nas situacións descritas no Artigo 54.1. O ámbito territorial de actuación poderá ser continuo ou discontinuo. En calquera caso, o ámbito incluírá un mínimo de 50 inmobles con necesidades de intervención (Artigo 54.2)

2. Normativa e xestión que aplica

Preténdese contar con aspectos básicos de capacidade de xestión e a existencia de





instrumentos de planificación no ámbito.

3. Indicadores de degradación arquitectónica, urbanística ou ambiental do Conxunto Histórico

Para determinar o estado da edificación, apartado 3.1, servirán, a modo de referencia, os datos censuais. Se se dispón desta información detallada, será necesario un informe do concello co coñecemento e plan individualizado dos edificios. Deberase homologar o estado da edificación á nomenclatura e definición censual. Para determinar o seu estado de conservación deberán atender os aspectos definidos no Artigo 54.1.a “Un proceso de degradación arquitectónica, urbanística ou ambiental, motivada, entre outros factores, pola obsolescencia do parque edificado, a inadecuación ás necesidades poboacionais, os déficits notorios e xeneralizados na calidade das vivendas, os equipamentos, dotacións e servizos públicos do ámbito, a degradación ambiental da zona e a falta de conservación de bens e conxuntos edificatorios suxeitos a calquera réxime de protección do patrimonio cultural.”

Respecto ao estado de conservación dos bens declarados, se non se conta cos niveis de protección actualizados ao sinalado no artigo 41 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, será necesario unha homoxeneización da protección a través dunha táboa de equivalencias co número de bens sometidos a protección mediante a nomenclatura de bens protexidos en nivel alto, medio e baixo.

Para o caso da avaliación do estado de conservación do espazo público, apartado 3.3, pódese considerar como “deficiente” se este espazo está subutilizado respecto ás necesidades da poboación (cativos, mulleres, anciáns) de espazo de recreación, encontro ou lecer.

4. Indicadores de situacións demográficas delicadas

Para a evolución da poboación utilizarase a porcentaxe de crecemento ou decrecemento a partir dos datos censuais entre censos 2001 – 2011 ou mediante datos máis precisos con que conte o concello. Mentres que o índice de avellentamento é o cociente entre habitantes de máis de 64 anos e habitantes menores de 16 anos, multiplicado por 100.

5. Indicadores da existencia de graves problemas económicos e sociais no Conxunto Histórico

Respecto á actividade comercial en caso dunha perda de tecido comercial, demostrar con datos propios do concello a partir dos inmobles definidos no catastro con uso comercial que están ocupados ou baleiros.

6. Síntese de problemas estruturais detectados

Resumo de datos utilizados anteriormente.

B. ESTRATEXIA SOCIAL, ECONÓMICA, URBANÍSTICA E ARQUITECTÓNICA

Para encher este apartado será necesario contar cun traballo previo do concello, en canto á realización do diagnóstico e propostas iniciais, os que servirán de base para o posterior desenvolvemento do Plan de Dinamización da área Rexurbe.





Os obxectivos e liñas estratéxicas iniciais que se propoñan deberán ser coherentes codiagnóstico presentado, coa análise DAFO, así como cos principios e criterios de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbana descritos no Artigo 3 da Lei.

No apartado 9.4, “Compromiso do concello de contribuír ao financiamento”, o Plan supón unha participación activa nas fontes de financiamento. O que implica, por unha banda, analizar as actuais fontes de financiamento e, por outra, pensar noutros modos de financiamento a través de recursos de infraestrutura e servizos con que conta o Concello.

C. ANEXOS

Canda á información solicitada no formulario, neste apartado poderase achegar a información complementaria que se considere oportuna como o plano de ámbito que se desexa declarar área Rexurbe, reportaxe fotográfica, planimetrías de detalle e outros.

Para os apartados 3, 4 e 5 será necesario indicar a fonte da información que xustifican os datos achegados. Considéranse como datos base os datos censuais e poderanse achegar outros. Se a fonte de información é pública non é necesario achegar a información; abondará con sinalar onde se atopa.





ANEXO III

ORZAMENTO DE GASTO DESAGREGADO

ORZAMENTO	
CUSTOS DE EXECUCIÓN (material funxible, inventariable, viaxes e dietas, etc.)	6.479,74 €
CONTRATACIÓN DE PERSOAL	19.460 €
CUSTOS INDIRECTOS	4.150,36 €
TOTAL	30.090,10 €





ANEXO IV

EQUIPO DE TRABAJO

PERSOAL PROPIO

EQUIPO DE TRABAJO	
RUBÉN CAMILO LOIS GONZÁLEZ	33250579P
MARÍA JOSÉ PIÑEIRA MANTIÑÁN	34889138R
LUCREZIA LOPEZ	X9345371B

